

Homenaxe pública
da Real Academia Galega a
Luís Seoane
no seu centenario
e a todos os galegos ilustres
do cemiterio
de Santo Amaro da Coruña
18/12/2010
12:30 h



Acto organizado coa colaboración da
Concellaría de Cultura do Concello da Coruña
e da Fundación Caixa Galicia

ALGÚNS GALEGOS ILUSTRES NO CEMITERIO DE SANTO AMARO

- 1 Marcial del Adalid** (A Coruña, 1826 – Lóngora, 1872). Pianista de sona internacional, creador da música académica galega e autor da primeira ópera galega, *Inés e Bianca*. Estivo casado coa escritora Fanny Garrido, da que musicou varios poemas en galego. [**nicho 3**]
- 2 Antonio Avrillón**. Pioneiro da fotografía en Galicia e instalado na Coruña cara a 1845. O seu fillo, Juan Bautista, asociouse co fotógrafo Luís Sellier que casou cunha filla de Avrillón. Deste xeito a familia Avrillón converteuse nunha dinastía de fotógrafos que retratou á burguesía corufeña durante 74 anos. [**nichos 44/ 82**]
- 3 José Baldomir** (A Coruña, 1865 – 1947). Director dos orfeóns coruñeses “El Eco” e “El Brigantino”, musicou numerosas poesías dos mellores poetas galegos do seu tempo, composicións que chegaron a alcanzar gran popularidade, como foi o caso da balada *Meus amores*, con letra de Salvador Golpe. [**nicho 84**]
- 4 Bernardo Barreiro de V. V.** (Santiago, 1851 – A Coruña, 1904). Protexido no seu día por Murguía, revélase máis adiante como un historiador maduro fundando e dirixindo a revista *Galicia Diplomática. Revista Semanal de Archivos y Bibliotecas, Historia...*, unha das publicacións máis serias e prestixiosas da Galicia do século XIX. [**nicho 495, a nome dun seu neto**]
- 5 Canuto Beraa** (A Coruña, 1836 – A Coruña, 1891). Músico e propietario do primeiro establecemento musical galego, editor de boa parte da produción musical galega do século XIX e pioneiro do orfeonismo do noso país. Foi, ademais, alcalde da Coruña en 1879. [**nicho 495**]
- 6 Ramón Bernárdez González** (Comeda, 1838 – A Coruña, 1911). Abade da Colexiata da Coruña, representa, coa súa fidelidade ao galeguismo e como impulsor de *Solidaridade Galega*, un importante sector do clero de Galicia consciente da construción do país. [**sepultura 2**]
- 7 Isidoro Brocos** (Santiago, 1841 – A Coruña, 1914). Escultor, gravador e debuxante, foi unha figura central do rexurdimento galego. A súa obra caracterizouse pola recuperación de temas populares de Galicia. [**nicho 216**]
- 8 Uxío Carré Aldao** (A Coruña, 1859 – A Coruña, 1932). Escritor, editor e libreiro, foi o primeiro secretario da Real Academia Galega e pasou polas ringeiras do rexionalismo, das Irmandades da Fala e do nacionalismo. Destaca como grande historiador da nosa literatura, da imprenta en Galicia e do periodismo. Da súa obra *Catecismo solidario* (1907) chegaróense a vender máis de 100.000 exemplares. [**nicho 291**]
- 9 Eugenio Carré Alvarelos** (A Coruña, 1885 – A Coruña, 1967). Segundo dos once fillos de Uxío Carré, poeta e autor dramático, membro correspondente da RAG. [**nicho 397**]
- 10 Leandro Carré Alvarelos** (A Coruña, 1888 – A Coruña, 1976). Gran polígrafo, activista da nosa identidade, fundador, xunto a Áxel Casal, da revista *Lar* (1924), que con 40 novelas curtas publicadas, converteuse na referencia editorial das Irmandades da Fala. Neste mesmo contexto, como director da Escola Dramática Galega (1922-1926) intentou a creación dunha dramaturxia galega. É autor dun popular dicionario galego e grande estudoso das nosas lendas. [**nicho 291**]
- 11 Áxel Casal** (A Coruña, 1895 – Teo, 1936). Editor e impresor, mártir de Galicia e da liberdade, foi un dos protagonistas da dignificación do libro galego. Da súa imprenta saíron os máis requintados soños de futuro para o noso país en forma de libros e revistas que aínda hoxe seguen a ser alicerce da nación. [**nicho 100**]
- 12 Xoán Casal** (A Coruña, 1935 – A Coruña, 1960). Escritor que malia a súa morte prematura e non ter publicadas máis ca unha breve escolma de narracións curtas, está considerado como un dos pioneiros da nova narrativa galega de posguerra. [**cuarto andar, nicho 1079, Familia Jacobo Casal Rey**]
- 13 Manuel Casás Fernández** (A Coruña, 1867 – A Coruña, 1960). Exerceu a avogacía como penalista de sona, foi alcalde da Coruña e presidente da Real Academia Galega, e de distintas sociedades culturais na cidade. [**nicho 451**]
- 14 Ángel Del Castillo López** (A Coruña, 1886 – A Coruña 1961). Historiador da arte, arqueólogo e cronista oficial da cidade da Coruña, foi tamén académico da RAG desde 1927. [**nicho 105**]
- 15 José Castro “Chané”** (Santiago, 1856 – A Habana, 1917). Figura principal do orfeonismo galego, que popularizou grandes poemas de Curros: *Os teus ollos* e *Un adidos a Mariquiña*. Foi secretario da *Asociación Iniciadora*, impulsora da RAG. [**sepultura 20**]
- 16 Álvaro Cebreiro** (A Coruña, 1903 – A Coruña, 1956). Destacado debuxante e ilustrador ao que se lle debe a imaxe icónica de numerosos escritores e intelectuais galegos do seu tempo. [**nicho 33, Familia Fontenla**]
- 17 A columna tronzada da folga**. Columna erixida por subscrición popular en 1906 a iniciativa das sociedades obreiras en lembranza das nove vítimas mortais promovida polos consumidores da Coruña os días 30, 31 de maio e 1 de xuño de 1901: **Mauro Sánchez Vázquez, Jacobo García Eijo, Antonio Bruno Orro, Francisco García Lodeiro, Antonio Velga, Benita García Torres e Manuela González Seljo**. [**panteón 10**]
- 18 Clara Corral Aller** (Ourense, 1847 – A Coruña, 1908). Considerada por Carballo Calero unha das mellores poetas galegas, no ano 1906 ingresou como membro correspondente da Real Academia Galega. [**panteón 8**]
- 19 Manuel Carros Enríquez** (Celanova, 1851 – A Habana, 1908). Promotor con espírito liberal e rebelde da creación da RAG desde Cuba, da que foi Presidente de honra. Alto poeta do Rexurdimento e grande periodista, sempre tivo singular presenza na Coruña, simbolizada no monumento de Asorey chantado nas entrañas da cidade. [**nicho 92**]
- 20 Juan Jacobo Durán Loriga** (A Coruña, 1854 – A Coruña, 1911). Militar e matemático, foi nomeado membro numerario da Real Academia Galega, mais non tomou posesión do cargo pola súa repentina morte. [**cuarto andar, nicho 433**]
- 21 Mauricio Farto** (Provincia de Valladolid, 1867 – 1947). Músico fundador de *Cántigas da Terra* e folclorista eminente. [**nicho 419**]
- 22 Emilio González López** (A Coruña, 1903 – New York, 1991). Historiador, deputado republicano, activista polo Estatuto de Galicia, exiliado, a súa obra *Historia de Galicia* (1980) forma parte do debate historiográfico e identitario da nación. Foi membro correspondente da RAG. [**cuarto andar, nicho 355**]
- 23 Rafael González Villar** (A Coruña, 1887 – 1941). Arquitecto a quen se lle debe o Kiosko Alfonso, a Casa Molina, o edificio do Cine Avenida e o monumento a Concepción Arenal. Foi membro da Real Academia Galega. [**nicho 212**]
- 24 Miguel González-Garcés** (A Coruña, 1916 – A Coruña, 1989). Poeta, bibliotecario, profesor, xornalista, erudito, crítico de arte, selecto cronista da súa cidade, deixounos unha monumental e documentada *Historia da Coruña*. Foi membro correspondente da Real Academia Galega. [**nicho 215**]
- 25 Francisca Herrera** (A Coruña, 1869 – A Coruña, 1950). Foi a primeira muller que ingresou como membro numerario na Real Academia Galega (aínda que morreu antes de ler o discurso). O seu segundo libro de poemas foi prologado por Manuel Murguía. [**panteón 15**]

26 Luis Huici (Barballor (Zaragoza), 1894 – A Coruña, 1936).

Debuxante, pintor, gravador, ilustrador e xastre de alta costura, pasou a súa curta vida artística carexando novidades para a nosa cultura. Fundou o primeiro cineclub da Coruña, onde se proxectaron os primeiros filmes de Eisenstein. Morreu asasinado polo odio fascista. [**cuarto andar, nicho 208**]

27 Francisco de la Iglesia, (Santiago, 1827 – A Coruña, 1897) e **Antonio de la Iglesia** (Santiago, 1822 – A Coruña, 1892). Forman parte dunha familia que asumiu importantes responsabilidades na construción do país. Francisco é autor da obra teatral *A fonte do xuramento*, primeira obra representada en galego en 1882 e Antonio foi director da revista *Galicia. Revista universal de este Reino* (1860), que deu a coñecer numerosos inéditos de Sarmiento, proclamando a autonomía da nosa cultura. [**nicho 135**]

28 Pascual López Cortón (Cedeira, 1817 – A Coruña, 1878). Avó materno do filósofo nacionalista Xohán Vicente Viqueira, foi o introdutor do mecenado na nosa cultura contemporánea, organizando os Xogos Florais da Coruña de 1861, posibilitando a publicación do *Album de la Caridad*, a primeira antoloxía lírica galega. [**nicho 348**]

29 Víctor López Seoane (Ferrol, 1834 – A Coruña, 1900). Sen dúbida é o naturalista galego máis importante do século XIX. Acadou recoñecemento internacional e algúns científicos europeos denominaron especies novas co seu nome: *Vipera berus seoanei* ou *Serratula Seoanei*. [**nicho 4 M**]

30 Manuel Lugris Freire (Sada, 1863 – A Coruña, 1940). Presidente da RAG en 1934, a súa biografía constitúe un cumprido roteiro patriótico fundacional: Liga Gallega, Escola de Declamación, Academia Galega, Solidaridad, Irmandades da Fala, Escola Dramática Galega, Seminario de Estudos Galegos e remata no Partido Galeguista como o primeiro afiliado. [**panteón 29**]

31 Francisco Llorens (A Coruña, 1874 – Madrid, 1948).

Pintor e membro da Academia de Belas Artes. [**sepultura 2**]

32 Jenaro Marinhas del Valle, (A Coruña, 1908 – A Coruña, 1999).

Escritor e dramaturgo, membro das Irmandades da Fala e numerario

de Presidente da RAG. Premio Castelao de Teatro galego (1965). [**nicho 145**]

33 Evaristo Martelo Paumán (A Coruña, 1853 – A Coruña, 1928). Escritor de grande interese no renacer das letras galegas e membro da RAG. [**nicho 4A, a nome de seu neto político**]

34 Andrés Martínez Salazar (Astorga, 1846 – A Coruña, 1923).

Historiador e arquiveiro, director do Arquivo do Reino de Galicia e Presidente da RAG. Foi o editor do Rexionalismo coa creación de *Biblioteca Gallega*, un proxecto patriótico sólido e unha innovadora primeira gran empresa editorial galega. [**nicho 263**]

35 Sebastián Martínez-Risco (Ourense, 1899 – A Coruña, 1977).

Prestixioso xurista e constante animador cultural e político. Durante a súa etapa de Presidente da RAG fixo un grande esforzo para que a institución tivese presenza na sociedade e celebrouse o primeiro ano das Letras Galegas en 1963.

[**quinto andar, nicho 3015**]

36 Manuel Murguía (Arteixo, 1833 – A Coruña, 1923). Puxo a súa fecunda pluma ao servizo da construción do país e conseguiu que Galicia entrase no debate historiográfico, xunguido relato e territorio.

Foi o primeiro presidente da Real Academia Galega. [**sepultura 19**]

37 Ovidio Murguía (Lestrobe, 1871 – A Coruña, 1900). Fillo de Manuel Murguía e Rosalía de Castro. Como pintor loitou por poñer cor e rostro á nosa paisaxe. [**sepultura 19**]

38 Román Navarro (A Coruña, 1854 – A Coruña, 1928). Pintor e publicista, deixounos algunhas imaxes canónicas do mundo da Galicia emigrante. [**nicho 592**]

39 José Pérez Ballesteros (Santiago, 1833 – A Coruña, 1918).

Foi un dos 40 membros fundadores da Real Academia Galega e o primeiro tesoureiro da Institución. Como autor do *Cancioneiro popular galego* soubo aqulitar o valor da linguaxe popular, como motivo de identidade.

[**sepultura 18, a nome de Ramón Pérez Cirera-Ballesteros y familia**]

40 Eduardo Pondal (Ponteceso, 1835 – A Coruña, 1917). Membro fundador da Real Academia Galega. O carácter épico e ancestral da súa poesía orgullosa, mesturouse cos topónimos da terra cun sorprendente resultado de aceptación popular. É autor da letra do *Himno Galego*. [**sepultura 8**]

41 Francisco Ponte y Blanco (A Coruña, 1853 – 1926). Enxeñeiro e escritor. Foi alcalde da Coruña e presidente da Real Academia Galega.

Socio fundador do Centro Galego da Habana. [**sepultura 18**]

42 Eduardo Rodríguez-Losada (A Coruña, 1886 – A Coruña, 1973). Arquitecto con obras como a Casa Cortés, o edificio do Banco Español de Crédito e do Colexio Notarial. Foi ademais músico e entre as súas obras destaca a ópera *O Mariscal* sobre textos de Ramón Cabanillas e Antón Villar Ponte. [**sepultura 7**]

43 Galo Salinas Rodríguez (A Coruña, 1852 – A Coruña, 1921). Galeguista e escritor, foi membro das faladoiros da Cova Céltica e correspondente da Real Academia Galega. Autor do primeiro estudo teórico sobre o teatro galego. [**nicho 247, Familia Corsanego**]

44 José Seljo Rubio (Madrid, 1881 – A Coruña, 1970). Un dos máximos representantes do movemento postimpresionista deste país, foi membro correspondente da RAG e deseñador dos seus proxectos gráficos, ademais de director do museo de Belas Artes da Coruña. [**nicho 59**]

45 José Sellier (Givors-Francia, 1850 – A Coruña, 1922). Fotógrafo e pioneiro do cinematógrafo en España, foi o primeiro que filmou na Coruña unha película con cámara Lumière, o que certifica que Galicia é berce do cine español. [**cuarto andar, nicho 419**]

46 Luis Seoane (Buenos Aires, 1910 – A Coruña, 1979). Polifacético artista, **fillo de emigrantes que malia permanecer máis de corenta anos no exilio sempre contemplou o mundo desde Galicia. A súa mirada é o mellor resumo de medio século de cultura galega. Legou á RAG a súa biblioteca de arte.** [**sepultura 1**]

47 Francisco Tettamancy Gastón (A Coruña, 1854 – A Coruña, 1921).

Historiador e membro fundador da Real Academia Galega, coa súa monografía sobre os mártires de Carral creou un lugar da memoria e galeguizou as arelas liberais de Solís. [**nicho 555**]

48 Xoana de Vega (A Coruña, 1805 – A Coruña, 1872). Liberal e filántropa, amiga de Concepción Arenal, foi promotora dos Xogos Florais da Coruña de 1861. Estivo casada co xeneral liberal Francisco Espoz y Mina e sempre foi unha referencia da presenza da muller nos faladoiros políticos e culturais. [**nicho 72**]

49 Antón Villar Ponte (Viveiro, 1881 – A Coruña, 1936). Como fundador das Irmandades da Fala impulsou un auténtico proxecto de normalización lingüística de Galicia e como xornalista sentou doutrina pola súa capacidade dialéctica ao servizo de Galicia. Foi membro numerario da Real Academia Galega. [**cuarto andar, nicho 70, a nome da súa familia política Chao Maciñeira**]

50 Ramón Villar Ponte (Viveiro, 1890 – A Coruña, 1953).

Organizador, xunto con Jaime Quintanilla, da Irmandade da Fala de Ferrol, foi membro numerario da RAG e primeiro historiador da institución coa súa obra *Días, hehos y hombres de la Real Academia Galega*. [**nicho 509**]



Fonte: Xosé María Monterroso Devesa, *O cemiterio de Santo Amaro, A Coruña*. Asociación Amigos Museo Arqueolóxico A Coruña, 1992

Programa da Homenaxe pública da Real Academia Galega a Luis Seoane no seu centenario e a todos os galegos ilustres do cemiterio de Santo Amaro da Coruña

Sábado, 18 de decembro de 2010, ás 12:30 horas. Cemiterio de Santo Amaro, A Coruña.



Concello da Coruña
Concellaría de Cultura

FUNDACIÓN CAIXA-GALICIA

19:30 horas. Solción de actos da Fundación Caixa Galicia (Cantón Grande, 21-24, A Coruña)

Participan:

Diego Luis Méndez,

Director da Fundación Caixa Galicia

Xosé Luis Méndez Ferrín,

Presidente da Real Academia Galega

Xosé Luis Álvarez,

Secretario da Real Academia Galega

12:30 horas. Bebida de **Manía Xosé Bravo**, Concellaría de Cultura da Coruña, ás portas do cemiterio.

12:40 horas. Entrada ao cemiterio.

Precidida pola Banda Municipal da Coruña, a comitiva irá ao Corrido até a sepultura de Manuel Murguía. Saíra e orinda a primeira muller da Real Academia Galega, encapada na súa figura a homenaxe a todos os galegos ilustres do cemiterio.

12:50 horas. A comitiva dirixese á sepultura de Luis Seoane. Ofrenda e interpretación dunha peza de gaite.

13:00 horas. Discurso do **Xosé Luis Méndez Ferrín**, presidente da Real Academia Galega, diante da sepultura de Luis Seoane.

13:15 horas. A interpretación do Himno Galego pecha a homenaxe no cemiterio.

Homenaxe pública da Real Academia Galega a

Luis Seoane

no seu centenario

e a todos os galegos ilustres

do cemiterio de Santo Amaro da Coruña

18/12/2010

12:30 h

Acto organizado coa colaboración da Concellaría de Cultura do Concello da Coruña e da Fundación Caixa Galicia